


VOCEIRO DE INFORMACION XERAL E CULTURAL GALEGA

CARBALLEIRA

Nº 19 ANO XX 2023



Centro Galego de Castelló
"O Aturuxo"

Membro da Galeguidade

SAÙDA



Xa volven agromar as follas da nosa Carballeira, nun ano no que a normalidade vai amodiño facendose un oco no desenvolvemento das actividades da entidade.

Este tempo pasado, será moi difícil de esquecer, proba delo é que perdemos, ademais de amigos e familiares, a noción do tempo, e con elo, un parón asociativo, é tempo de volver a atoparnos, disfrutar da amistade e das actividades que fan do noso centro un navío senlleiro no eido cultural e social de Castelló.

Dentro de pouco terá lugar unha nova xuntanza das entidades galegas no exterior no XIV Plenario de Comunidades, a celebrar os días 22, 23 e 24 de Setembro no Concello de Cenlle (Ourense), que nos dará oportunidade de fazer un balance do pulo asociativo das entidades así como o futuro que nos depara esta nova etapa pospandemia.

Xa estamos traballando en novas actividades, nas que teñan acubillo grandes e pequenos, aportando un maior dinamismo a entidade. Castelló da comenza a unha nova etapa política, da que desexamos exitos, mais tamén continuidade e sensibilidade coas entidades que formamos as casas rexionais, como parte importante

do latexar cultural da cidade.

Nas portas do verán, recibimos a triste nova do pasamento do noso compañeiro e amigo José M^a Vilariño Pintos, socio fundador e primeiro Secretario do Centro, Celtista e Picholeiro de pro, cunha saga familiar moi implicada na vida cultural de Galicia e do seu Santiago natal, José M^a, sempre estaba preto a botar unha man no que fixese falta, cando nos depediamos sempre me decía coma vello soldado, "mandas algo Presi", grazas amigo polos teus consellos e amistade, Que a terra te sexa leve D.E.P.

Aproveito esta oportunidade da nosa revista, para agradecer o esforzo dos compañeros da Xunta Directiva, así como a todos cantos co voso esforzo e dedicación, fadades posible que este navío sega surcando as ondas da Galeguidez no enxerto Mediterraneo, e coma non, o apoio e axuda das institucións e das persoas que nelas nos atenden, grazas.

Grazas a todos, dárelle a benvida os novos socios, desexando que disfruten desta súa casa, e do anaquexo de Galicia que é o Centro Galego de Castelló "O Aturuxo".

**Xosé Filgueira Fernández
Presidente CG de Castelló "O Aturuxo"**

Edita:

Centro Galego de Castelló "O Aturuxo"
R/ Perez Dolç 9 Baixo
12003 Castelló 964 22 85 08
www.centrogalegoaturuxo.gal
castello.asociacion@centrogalegoaturuxo.gal
Depósito Legal: CS-37-2005

CARBALLEIRA

Coordinador: X. Filgueira

Diseño e Maquetación: X. Filgueira

Capa: Na fonte (Noia 1926)

Autor: Ruth Matilde Andersem

Carballeira, non se responsabiliza das opiniões vertidas nos contidos polos autores

COLABORAN:



**XUNTA
DE GALICIA**





SAÚDA

La Comunitat Valenciana comienza una nueva etapa. La Generalitat y muchas instituciones están iniciando una época de cambios, con la voluntad de trabajar junto con toda nuestra sociedad para crear un marco de libertad que consolide y dé fuerza a un tejido social próspero y cohesionado, donde las personas y las entidades y asociaciones que las agrupan sean protagonistas.

El Centro Galego de Castelló de la Plana "O Aturuxo" realiza constantemente una magnífica labor, uniendo a los gallegos que viven en la ciudad y llevando a cabo numerosas iniciativas en diferentes ámbitos. A lo largo de los años, personas de varias generaciones han colaborado para continuar la tarea que emprendieron los fundadores y para servir de gran espacio de relación y hermandad para mucha gente.

Entre sus actividades se encuentra la edición de la revista Carballeira, un canal de comunicación que informa sobre las distintas iniciativas que han surgido desde el Centro y da la oportunidad a muchas personas de conocer la realidad de una entidad activa y dinámica como la vuestra. Desde la tribuna que me brinda la revista.

Quiero saludar cordialmente a todos los miembros del Centro Galego de Castelló de la Plana "O Aturuxo" y mostrar mi mejor disposición para trabajar a vuestro lado y colaborar en la realización de vuestros proyectos. También quiero enviaros desde aquí mis mejores deseos para el futuro.

La Comunitat Valenciana començ a una nova etapa. La Generalitat i moltes institucions inicien un temps de canvi, amb la il·lusió per treballar conjuntament amb tota la nostra societat per a crear un marc de llibertat que consolide i done força a un teixit social pròsper i cohesionat, on les persones i les entitats i associacions que les agrupen siguin protagonistes.

El Centro Galego de Castelló de la Plana "O Aturuxo" realitza de manera constant un magnífic treball, unint als gallecs que viuen a la ciutat i duent a terme nombroses iniciatives en diferents àmbits. Al llarg dels anys, persones de diverses generacions han col·laborat per a continuar la tasca que mamprengueren els fundadors i per a servir de gran espai de relació i de germanor per a moltes persones.

Entre les seues activitats està la publicació de la revista Carballeira, un canal de comunicació que informa de les diverses iniciatives sorgides del Centre i brinda a moltes persones l'oportunitat de conéixer la realitat d'una entitat activa i dinàmica com la vostra.

Des de la tribuna que em brinda la revista vull saludar cordialment a tots els integrants del Centro Galego de Castelló de la Plana "O Aturuxo" i mostrar la meua millor disposició per a treballar al vostre costat i col·laborar en la realització dels vostres projectes. També vull enviar vos des d'ací els meus millors desitjos per al futur.

**Carlos Mazón Guixot
President de la Generalitat Valenciana**



SAUDA

É un pracer darrilles a benvida a unha nova edición da revista Carballeira coa que un ano máis o Centro Galego ‘O Aturuxo’ de Castelló fai memoria das súas actividades, ao tempo que lembra as súas raíces. E digo que é un pracer porque o fago dende a honra de ser alcaldesa da Coruña, berce do máis fondo galeguismo como sede da Real Academia Galega e fogar eterno de poetas ilustres como Murguía ou Curros Enríquez. Mais tamén de facelo en representación de toda a comunidade galega da que como coruñesa me sinto especialmente orgullosa.

A propósito desta edición de Carballeira, tiven a oportunidade de ollar e facer un pequeno seguimento da actividade deste Centro Galego que dende Castelló fai por dar a coñecer a nosa lingua e cultura alén das nosas fronteiras. Entre elas quero destacar, pola proximidade que me suxire, a exposición de debuxos ‘Mulleres’ que levou a cabo o artista Siro López. O noso ben querido Siro. Coruñés de pro e galego de mundo que foi quen de facer da retranca e do humor unha linguaxe universal. A mesma que hoxe mantén a tantos galegos e galegas de Castelló, como doutras partes da Comunitat Valenciana e do resto de España, arraigados a esta beira que une o Atlántico e o Cantábrico.

Espero que sexan moitos máis os anos nos que asociados e asociadas sigades defendendo a vosa orixe galega que é tamén defender a vosa propia identidade. Especialmente nun tempo no que dende as institucións ás veces é debatido ou degradado, ata o punto de facer dun acento gráfico un motivo de conflito.

Desexo que nun futuro próximo poida coñecer o voso traballo máis de preto e sabede que vos esperamos na outra beira da Península, onde aínda soan e resoan os ‘aturuxos’ grazas ao legado que asociacións coma esta nos estades a deixar. Parabéns polo feito e moita sorte no camiño.

**Inés Rey García
Alcaldesa de A Coruña**



SAÚDA

Castellón es un sueño colectivo del que todos formamos parte y en el que nadie debe sentirse excluido. Esta ciudad la hacemos grande entre todos, juntos, sumando esfuerzos y restando metas por conquistar. Por eso es la orgullosa capital de la Plana en la que todos son bienvenidos y no sobra nadie. Los que tuvieron la suerte de nacer aquí, los que eligieron esta tierra para que nazcan sus hijos y los que aún están por venir, en los próximos años y décadas. Precisamente una de las cosas de las que más me siento orgullosa, como alcaldesa y como castellonense, es que la nuestra haya sido tierra de acogida para tantos durante tantos siglos. Así lo dice nuestra historia, que no es sino la de un territorio de oportunidades bañado por el Mediterráneo y perfumado por el aroma del azahar.

No me cabe ninguna duda que fue esa singular combinación de tierra fértil y mar de culturas la que hizo que nos encontrásemos en el camino. Esa senda ejemplar por la que durante tantos años ha transitado el Centro Galego de Castellón O Aturuxo. Un referente de amor a la tierra, propia y escogida, como pocas veces hemos visto en nuestro territorio. Porque, como bien sabéis, el amor se demuestra día a día y vosotros lleváis desde 1.936 demostrando un amor incondicional por Castellón y Galicia. Es imposible nombrar todas las exposiciones, publicaciones, conciertos o ferias gastronómicas en las que habéis mostrado vuestro compromiso con la divulgación de la identidad gallega. Por eso juntos somos mejores, porque la fusión de culturas y tradiciones forma parte de la esencia de nuestros pueblos, de nuestro ADN, y por eso estábamos destinados a encontrarnos.

Son muchos los compromisos que he asumido desde que los castellonenses me hicieron el honor de ser alcaldesa y quisiera aprovechar esta oportunidad para sumar uno más. El de seguir apoyando vuestra labor de difusión de la cultura gallega como siempre lo he hecho. Y, si el escaso tiempo que tengo para la lectura me lo permite, leer de principio a fin el próximo número de "Carballeira". No por releer el saluda con el que tan amablemente me habéis invitado a participar, sino por volver a repasar las numerosas actividades que habéis realizado este año. Siempre he pensado que las palabras se las lleva el viento y el mejor balance es el que queda por escrito, palabra de alcaldesa.

Así que os invito a que sigáis dando fe de lo mucho y bueno que se hace para fortalecer nuestros lazos culturales. Gracias por traer lo mejor de Galicia a Castellón, que son sus gentes, su cultura y su identidad. Gracias por exportar lo mejor de Castellón a vuestra tierra, que son esas mismas gentes que os quieren y respetan. Os estamos eternamente agradecidos, como os he dicho antes, sin vosotros estamos incompletos. O como diría la inmortal Rosalía de Castro... Hora tras hora, día tras día, entre el cielo y la tierra quedan eternos vigías, como torrente que se despeña, pasa la vida.

**Begoña Carrasco García
Alcaldesa de Castellón**

ANDURIÑAS SENLLEIRAS

Rogelio Groba Groba

Gulans (Ponteareas) 1930 A Coruña 2022



Os seus primeiros contactos coa música viñeron a través da banda *A Unión*, do seu pobo natal, onde comezou tocando o flautín antes de facerse cargo, con 17 anos, da dirección da agrupación.

Groba formouse no Real Conservatorio de Música de Madrid, onde obtivo o título superior en Composición con primeiros premios en Armonía e en Contrapunto e Fuga. Exercitou como director de banda en distintos puntos de Galicia (*A Estrada, Tui e Ponteareas*) e España (*Pedro Muñoz, en Ciudad Real*) e en 1962 trasladouse a Suiza, e dirixiu distintas agrupacións musicais: *Yverdon, Orbe e Perroy*, no cantón de Vaud, *Martigny e Saint-Maurice*, no cantón du Valais., ademais, dirixiu a editorial musical *Rauber*, en Lausanne.


De volta a España, en 1967, comezou a dirixir a Banda Municipal da Coruña, como director durante 23 anos, fundou a Orquestra de Cámara Municipal e a Orquestra do Conservatorio Superior de Música da Coruña, no que foi profesor de Contrapunto e Fuga, de Armonía, e de Composición, o cal dirixiu durante dous décadas. Á marxe da súa faceta como director, docente e compositor, escribiu ensaios e libros, entre eles 252 alalás, e desde 1990 entregouse á creación musical. foi distinguido con múltiples premios, como o Premio Internacional de Composición Dante Luini da Radio Télévision Suisse Romande (1973) ou o Premio da Crítica Galega (1979). En 1992 a Xunta concedelle o Premio da Cultura e a Medalla Castelao (1995), o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia (2004), ou o nomeamento como Fillo Predilecto da súa vila natal en 2005. Era membro do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, da Real Academia Galega de Belas Artes, e da Real Academia de San Fernando, en Madrid. O seu incansable traballo deixou un froito innegable, a súa versatilidade compositiva levouno a crear un catálogo que sobrepasa os seiscentos títulos. Óperas, sinfonías, un réquiem, cantatas, oratorios, obra para piano... ‘*Diabolus in musica*’, da autoría de Manrique Fernández (Editorial Galaxia, 2011) é un libro de conversas que repasa a súa vida, os seus afáns como músico, a súa visión do mundo e da cultura. A función da música na sociedade, a figura do director de orquestra, a educación musical, a súa estadía en Suiza e a relación do compositor coa súa Terra. O mestre Groba faleceu na cidade da Coruña o 31 de Decembro do 2022.D.E.P

Basilio Losada Castro

Lancara 1930 Barcelona 2022

Con cinco anos emigra a Barcelona onde Estuda Dereito e obtén a licenciatura en Filosofía e Letras coas especialidades de Historia da Arte e Filoloxía, e o doutoramento en Filoloxía Galega no ano 1975 . . Consegue a primeira cátedra de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universitat de Barcelon. Obtén numerosos premios e distincións, como a Creu de Sant Jordi (Generalitat de Catalunya, 1984), Medalla Castelao (Xunta de Galicia, 1989), Pedrón de Honra (1985), Premio Nacional de Tradución (Ministerio de Cultura 1991), Comenda da Orde do Infante Dom Enrique (Governo dál Repùblica de Portugal, 1993), Orde do Cruzeiro do Sul (Goberno do Brasil, 1995), Galego Egrexio (Fundación Premios dál Crítica Galicia, 1998). académico non numerario da Real Academia Galega dende 1969, membro da Asociación Internacional de Estudios Galegos , daa Asociación de Escritores en Lingua Galega, da Asociación Internacional de Críticos Literarios, da Asociación de Críticos Literarios

. É autor de numerosos estudos sobre a literatura galega, portuguesa e brasileira e traduciu 150 libros en sete linguas, de autores como Jorge Amado, Saramago, Rosalía de Castro ou Pere Gimferrer. Aos 70 anos publica o seu primeiro traballo de ficción, a novela *La peregrina*, ambientada na Idade Media, periodo no que é un grande experto, «En Galicia penso sempre, penso todos os días -dice Basilio-. Aínda que quizais nunca a volva ver». Basilio finou en Barcelona o 10 de Xullo os 92 anos.



BAÑISTAS LABREGAS NO MAR GALEGO DE ONTE



CANDELARIAS, CANÓNIGAS, CANOURAS, CAROLINAS, CARRACHENTAS, CATALINAS, MANTIDAS, MONTAÑESAS, PALMATORIAS, POUBANAS

Non se sabe con certeza cando comezou o costume ou rito, mais o certo é que desde mediados do século XIX escritos de autores como o pontevedrés Jesús Muruais documentan a presenza en moitas praías do noso país dun tipo singular feminino que acudía aos areais desde as zonas do interior para tomar os baños e que sobreviviu, cando menos, ata ben entrada a segunda metade do século XX, en que as transformacións sociolóxicas acabaron coa súa presenza.

Este tipo popular de orixe labrega recibiu denominacións específicas nas diferentes zonas. Así, na Mariña oriental luguesa, onde frecuentaban a praia focega da Rapadoira ou o areal ribadense de Porcillán, procedentes de Alfoz, O Valadouro, Abadín, Vilalba ou mesmo A Fonsagrada, recibian o apelativo de canónigas, canouras ou candelarias.

Na Terra de Viveiro, á que acudían desde lugares como Ouro, Cabanas ou Riobarba para se bañaren na praia de Covas, eran denominadas, con despectividamente manifesta, carrachentas, circunstancia que posibelmente fixo nacer de maneira máis ou menos directa, como resposta, algunha cantiga popular como a que recolle o poeta, médico e líder republicano mindoniense Leiras Pulpeiro no seu libro *Cantares Gallegos* (1911)

*Anque che son de Montaña,
ándoche ben limpia e fresca;
que anque che son de Montaña,
non che son das carrachentas.*

Na Coruña, coas súas praías de Riazor e o Orzán, as bañistas labregas, procedentes moitas delas do interior lugues, recibian o nome de catalinas, entanto nos areais e vilas costeiras da Terra de Trasancos (Cedeira, Ferrol...) o cualificativo máis socorrido foi o de carolinas, se ben tamén se lles chamou, como

noutros lugares, montañesas.

Pola súa vez, nas Rías Baixas (Porto do Son, Vilagarcía, Marín, Pontevedra, Vigo, Gondomar, Baiona...) o denominador máis frecuente foi o de mantidas, que conviviu a carón das etiquetas de palmatorias e, sobre todo, poubanas. Esta última denominación quizais teña algo a ver coa palabra poubea, coa que se designaba en certas áreas un tipo de casa aldeá, pequena e de aspecto pobre. Fermín Bouza Brei, nunha nótula que achega para a sección "Arquivo Filolóxico e Etnográfico



de Galiza" do boletín Nós (nº 90, 15 de xuño de 1931), fornece ainda alguma denominación máis das que acabamos de anotar.

É o caso de postales, que se aplicaba ás bañistas na cidade da Coruña e mais o de bienvenidas, propio da vila de Ribadeo. Tamén anota o autor de Nao senlleira que nas praías de Marín e na da Hontaña (ou Vista Alegre) en Vilagarcía de Arousa, as bañistas aludidas con estes cualificativos de xorne despectivo replicaban aos seus insultadores co berro de ¡afamados!.

A escritora viveiresa Fina Roca, grande coñecedora deste tema que nos ocupa, ten vinculado a estacionalidade un tanto serodia destas bañistas, que acudían ás praías máis ben nos finais de agosto e durante a primeira quincena de setembro, ao feito de teren que deixar feito previamente no seu lugar de residencia algúns labores agrícolas, como gadañar a herba, facer a malla ou botar a sementeira de determinados produtos, como os nabos ou cimós. Desde esta perspectiva, a súa visita aos areais podería interpretarse como unha especie de ‘merecido descanso’ despois das duras faenas do verán.


Que non acudisen canda elas os seus homes sería, entre outras consideracións, consecuencia da necesidade de que algúen ficase na casa labrega ao coidado dos animais, mais debemos ter en conta que tamén se deu noutras zonas do país un fenómeno semellante ao das poubanas, mais con carácter masculino: está documentado polo etnógrafo Xaquín Lourenzo, Xocas, e corroborado polo antropólogo sonense Calo Lourido, o costume de moitos labregos ourensáns de viaxaren nos finais da tempada estival ata lugares como Porto do Son, para tomaren os baños. Recibían estes labregos os cualificativos de mantidos ou candeleros.

Non pode pasar desapercibida, en todo o caso, a notoria ritualización con que as poubanas afrontaban os seus baños, porque semella resultar indicativa dalgún tipo de funcionalidade máxica e panteísta, sexa depurativa, curativa ou simplemente salutífera. A amentada Fina Roca escribe a este respecto, referíndose ás carrachentas da praia de Covas, que “su ‘veraneo’ tenía fines curativos y estaba ligado a la superstición popular del Culto al Agua”. Pola súa vez, Chema Bouzó recolle unha cantiga popular coa que as mantidas do Val Miñor agradecian a acción benefactora que os baños e algas da praia da Cuncheira exercian sobre a súa saíde:

Non pode pasar desapercibida, en todo o caso, a notoria ritualización con que as poubanas afrontaban os seus baños, porque semella resultar indicativa dalgún tipo de funcionalidade máxica e panteísta, sexa depurativa, curativa ou simplemente salutífera. A amentada Fina Roca escribe a este respecto, referíndose ás carrachentas da praia de Covas, que “su ‘veraneo’ tenía fines curativos y estaba ligado a la superstición popular del Culto al Agua”. Pola súa vez, Chema Bouzó recolle unha cantiga popular coa que as mantidas do Val Miñor agradecian a acción benefactora que os baños e algas da praia da Cuncheira exercian sobre a súa saíde:

**Adeus Cuncheira queridiña:
algas, auga e canto tí tes.
Cheguei xunto a ti tollidiña
e vou sana polos meus pés.**

Sobre este tipo de culto á auga mariña, asociado á fertilidade e á sanación, téñense debruzado diversos etnógrafos e antropólogos de noso. Bouza Brei escribiu o traballo “Mitología del agua en el Noroeste Hispánico” (1942), Chao



Rego aludiou a el no seu delicioso O Libro da auga (1995) e Mariño Ferro recolleu a súa presenza no manual Antropoloxía de Galicia (2000). Ao lado desta más que probábel motivación máxico-relixiosa-panteísta de fondo, tamén é verdade que desde mediados do XIX foron cada vez más os médicos que lle insistiron aos seus

pacientes sobre os beneficios da auga, quer termal, quer mariña. Non é, pois, casualidade, que o fenómeno das poubanas corra en paralelo ao auxe espectacular do consumo de augas minero-medicinais nas termas e balnearios de moitas localidades do noso país, como ten documentado o doutor Fausto Galdo na súa Introducción a la Historia de las aguas minerales de Galicia (1995). Os baños ou inmersións que realizaban as labregas, segundo algunas fontes, tiñan que realizarse durante tres anos consecutivos, nun máximo de tres días. O número de inmersións tiña que ser impar, nin menos de sete, nin máis de trece. O habitual é que fosen nove, número que está presente, como é ben sabido, no ritual de fertilidade (“baño das nove ondas”) que tiña lugar na praia da Lanzada durante a madrugada do domingo no derradeiro fin de semana do mes de agosto. Con todo, outras fontes, como o cronista mindoniense Eduardo Lence Santar, indican que o rito obrigaba a facer entre doce e catorce baños en catro días.

Nos baños, que se realizaban tanto pola mañá, desde primeira hora, como pola tarde, até o solpor, participaban avoas, nais e fillas, que adoitaban camiñar todas xuntas, en grupos compactos e de mans dadas, polas praías e polas rías da vila ou cidade próxima ao areal.

Estas mulleres alugaban polo xeral un cuarto en casas particulares ou pousadas da vila ou cidade, con dereito a cociña. Para aforraren en manutención, levaban canda si, alén do colchón con recheo de cosco de millo, produtos da aldea (chorizos, queixos, patacas, verzas...) e facían o caldo, que lles duraba polos días da súa estadía. Esta “abundancia” e esta “autosuficiencia” culinario-gastronómicas está na base da denominación de mantidas coa que foron alcumadas, mais foi causa de inxustizas e abusos, pois en moitas localidades impuxéronllas o pagamento do fielato..

Tamén as mulleres que lles alugaban temporalmente os cuartos ás canónigas acabaron recibindo denominación específica, cando menos na área da antiga provincia mindoniense: manxupeiras, palabra que orixinariamente se aplicaba á cociñeira descoñizada. O xa citado Chema Bouzó comenta que en Baiona as poubanas, que viñan desde lugares do interior pontevedrés como Malvas, Seixas, Mos, Vilachán ou Areas, repetían ano tras ano parada e fonda nas mesmas casas, o que

nada máis pisar a area da praia se afastasen dos demás para montar o seu propio campamento, protexido de miradas alleas. Semellante comportamento confirmáballes a moitos a teoría do seu primitivismo”.

Escribindo no diario madrileño *El Sol*, en setembro de 1924, sobre as aberracións arquitectónicas e urbanísticas que as clases pudentes cometían ao edificaren as súas residencia de verán nas zonas costeiras da Galiza, o xornalista viveirés Antón



acababa creando lazos de certa amizade entre inquilinas e caseiras.

As carrachentas non estaban ben vistas en determinados círculos e sectores da sociedade, levados do seu indismulado clasismo e do seu complexo urbanita de superioridade. Pola época en que, seguindo o propio costume da familia real española de veranear na praia da Concha donostiarra, moita aristocracia, moita clerecía, moito militar e moito novo rico comezaban a ocupar as praias para o seu lecer e a súa saúde, a presenza das labregas pobres resultáballes “incómoda” e mesmo facían por evitar a excesiva proximidade con elas na beira do mar. Probabelmente como lóxica reacción defensiva a esta hostilidade más ou menos manifesta que contra elas se dirixía, as candelarias acababan por autoisolarse grupalmente, como testemuña Antonio de Bade na Revista de Estudios Miñoranos (nº 3, 2003) ao falar das bañistas labregas que acudían á praia de Lourido, en Gondomar

“De toda aquela fauna humana, chamaban especialmente a atención as que viñan das ignotas terras de Morgadáns, Prado e Vilas, e que os señoritos da Vila cualificaban cun certo desprezo de pouco civilizadas, facendo chistes e comentarios algo esaxerados e por supostoinxustos. Entre elas mesmas falaban a gritos, e ademais ían vestidas totalmente de negro, con pano na cabeza e longas saias. Era imposible adiviñar calquera forma feminina embaixo daqueles ‘burkas’, a súa timidez facía que

Villar Ponte ironizaba no artigo intitulado “Pretextos gallegos. La arquitectura profanadora de nuestros campos” sobre o presunto ‘bo gosto’ e a suposta ‘superioridade estético-cultural’ das classes, que, levadas do clasismo más descarnado, non perdían ocasión para ridiculizaren a indumentaria das catalinas:

¡Y aún hay quien pretende mosarse de esas aldeanas que irrumpen durante los meses de estío en nuestras poblaciones de mar y playa, y a las que se las conoce por la denominación de catalinas o pouvanas, al contemplarlas con los colores chillones de sus trajes y pañuelos! [...] Y así, cuando alguien se ríe de las catalinas, por lo exóticas que resultan en las urbes, sin comprender las causas de su exotismo, nosotros pensamos que hay mayores motivos aún para reírse de las casas de campo de los señores urbanos. Porque éstas sí que no responden a otra razón que la del mal gusto y completa falta del más elemental sentido estético, mientras que aquéllas podrían dar tema para una bella exégesis etnográfica.

O propio Villar Ponte, que coñeceu o tipo feminino a que nos referimos xa na súa infancia viveiresa e que se viu acompañado por el tanto na súa estadía focega como nos longos anos en que residiu na Coruña exercendo o xornalismo, é autor dun dos retratos más conmoventes

e compasivos que se teñan feito nunca das catalinas, publicado en setembro de 1928 na sección "Galerías" do diario vigués El Pueblo Gallego co título de "La gran tragedia gallega". A ese retrato pertencen os seguintes párrafos:

"Esas pobres mujerucas, unas enlutadas y otras vestidas con trajes chillones y grotescos, que muestran la trenza del pelo saliendo del pañuelo en que enfundan la cabeza; de saya corta, que forma verdadero contraste con la saya larga de las rapaciñas; de cara triste y melancólica, como las de las vacas mansas, sus fieles compañeras de trabajo; esas pobres mujerucas que son una absoluta negación del sexo, pues carecen de toda feminidad (pies deformes, manos romas y escamadas, negadas para el tacto, piernas sarmentosas, vientres dilatados, pechos flácidos, hombros esqueléticos) representan el molde vivo donde se viene formando nuestra raza. La aldea gallega (y en Galicia lo aldeano es casi todo) resulta así aquella fábrica de esclavos de que habló Cabanillas.

Esas mujerucas depauperadas por el rudo trabajo y la alimentación insuficiente, pletóricas de mansedumbre, horas de todo consuelo espiritual, pasto del bocio, la clorosis y el escrofulismo, viudas de vivos o huérfanas de vivos, de las que, algunas, por la escasez de varones que motiva el éxodo emigratorio, se entregan al primer decidido con la misma naturalidad que las gallinas al gallo, [no] importándole que el fruto resultante del imperativo categórico de la especie pueda o no ser legalizado en el registro civil, ya que lo que les preocupa es hacerse madres y contar con un hijo susceptible de auxiliarles más tarde, en las horas de la vejez; esas mujerucas que no suelen inspirar gran respeto a los habitantes de nuestras urbes, resultan protagonistas de la grande, honda e incruenta tragedia, que se desarrolla a diario en la espléndida naturaleza del río gallego. Son, por decirlo así, los supremos testimonios del pavoroso problema sanitario de nuestro país

Claro que ese desprezo pola poubanas que certos sectores practicaban acababa contaxiándose á hora de considerar outros bañistas ou 'veraneantes' "más respectables", como testemuña un artigo intitulado "Catalinas y Lorenzos", publicado no xornal lugués El Regional (12.9.1902), en que se protesta iradamente contra a consideración de todos os lugueses que pasaban unha tempada na Coruña, sen distinción, como carolinhas e lorenzos (isto é, "paletos").

O anónimo autor, depois de lembrar que os lugueses aludidos ían á urbe herculina "á dejar entre las uñas de avaros posaderos é indignos truchimanes, las miserias pesetas guardadas tras mil afanes y sudores para la temporada de baños", poña ramo ao seu artigo ameazando cunha hipotética mudanza de destino deses bañistas lugueses a outras praias galegas, co conseguinte impacto negativo na economía coruñesa que iso tería: "Nadie soporta que le escarnezca y le insulte aquel á quien le paga".

Tres eran, en resumidas contas, os elementos ou circunstancias

que certos sectores da sociedade das cidades e vilas costeiras que acollían as bañistas de orixe labrega mal admitían delas. En palabras de Bouza Brei, eran esos elementos "a indumentaria, os costumes e o deambular pouco desenvolto". A indumentaria das poubanas era, a ollos da prexuizosa sociedade vilega e urbana da época, un auténtico festival de prendas charramangueiras, de cores chillonas e desconxuntadas ou de prendas de tétrica e abafante negrura. A iso sumemos que, a falta de 'bañadores' adquiridos en tendas á la páge, as poubanas botaban man de lenzos de liño ou dunha especie de longos sacos para se meteren na auga, co que o contraste más absoluto coas refinadas e benvestidas damas urbanitas que frecuentaban os areais ficaba garantido. Na sección "Ladrillos" do xornal satírico Guau...Guau de Foz, correspondente ao número de xullo de 1906, aludiase a esta indolencia indumentaria das canónigas ou bienvenidas nestes termos::

"Volverán las oscuras golondrinas, decíamos al finalizar el pasado verano, parodiando á Bécquer y refiriéndonos á las montañes que llegan á nuestras playas todos los años, al verlas partir para sus aldeas ya lavado el cuerpo por el mar que besa la Rapadoira.

Y efectivamente, ya están ahí las primeras de la temporada veraniega que empieza.

Vímoslas en la playa cogidas de la mano como los de Calatorao, cuando no haciendo calceta.

Todas visten de igual modo: con pañuelo amarrado á la cabeza, saya corta, medias de lana y zuecas de chinela; usando el mismo idéntico atavío las abuelas que las niñas.

Celebrémoslas bienvenidas, y nos alegramos de que Foz, gracias á ellas, entre en vías de canonización".

Determinados comportamentos das poubanas tamén provocaban o escándalo e o desagrado dos benpensantes. Así, o feito de andaren case sempre en grandes grupos e collidas das mans. Tamén o falaren a berros, o atuluraren na auga e o brincaren sen recato durante o baño, en parte pola frialdade do líquido elemento, en parte pola ledicia case infantil que experimentaban. Velaquí como as retrata neste aspecto o escritor mindoniense Noriega Varela nalgúns décimas do seu poema "Prás canónigas":.



*Montañesas, ¡boa sorte!;
eu adiós non volo digo,
que sempre fun voso amigo,
i heivos de olvidar coa morte.*

*Cando, aturulando forte,
chegástedes á ribeira,
pensei que estaba na feira
de Gontán, xunto daquelas
carpazonas coma estrelas,
que bailan a muiñeira.*

*Vades boas de troular:
inda ben non era día,
quen vos despide xa vía
brañegas cabo do mar.
¡Que pulos! ¡que esbatuxar
na iauga!; cousiñas tolas,
roxas com'as amapolas
dos vilariños da aldea,
brincábades pola area
i entre as escumas das olas [...]*



Evéxase como ironizaba o Guau...Guau focego (cuarto 'ladrido', agosto de 1906), nun artigo asinado co pseudónimo 'Chori-Buru', a respecto desa extravertida, ruidosa e tonificante maneira de se bañaren as poubanas:

"¡Canónigas que chapuzais vuestros rollizos cuerpos en las aguas transparentes! Diera cuanto poseo - y es bien poco dar - por volver á oír vuestros alaridos, cuando avanzais

temerosas y en grupos pintorescos hacia el centro de la ría, diera el cielo si el cielo estuviera en mis manos por volver á escuchar vuestros gritos nerviosos, que son mezcla de plaño y carcajada, vuestros ayes lastimosos, que son tenues cuando solo mojais la punta de vuestro pié desnudo, que van en crescendo á medida que asciende por vuestros miembros la caricia del agua bienhechora; y que llega á un fortísimo delirante cuando sentís el fresco cosquilleo en vuestras valientes posaderas".

É un feito constatado que a presenza de poubanas nunha determinada zona aumentaba a probabilidade de que se producisen aventuras eróticas, mesmo que fosen adulteras. No propio Guau...Guau (cuarto 'ladrido', agosto de 1906) ironizábase sobre o incremento de polbo fresco na praza da localidade, en velada alusión, entendemos, aos homes que intentaban aproveitar a oportunidade para manteren relacións sexuais coas bañistas:

"[...] Han llegado algunas canónigas más á nuestra playa. Coincidindo con la arribada de aquellas á Foz nótase el aumento de pulpo fresco en plaza. ¡Lástima que no pueda efectuarse expostación!"

Xa vimos como o xornalista Villar Ponte aludía á naturalidade con que algunhas destas bañistas afrontaban as relacións sexuais esporádicas que puidesen xurdir no transcurso da súa pequena estadía de vacacións preto das praías. Nunha época de enormes rixideces morais e de regulamentarismos extremos tocante á convivencia dos dous性 en espazos públicos como as praías, a presenza das catalinas resultaba un magnífico reclamo para toda a caste de varóns voyeurs, que non dubidaban en aproveitar o efecto da auga cingundo os corpos ou os lenzos que mal cubrían as bañistas labregas para regalaren a vista e soñaren lascivamente espertos... Como deixa lembrado Lois Tobío nas súas Décadas de T.L., "tapa, non para abrigar senón para acochar era a consigna erótica daquela sociedade. Había nos homes unha obsesión por axexar as partes ocultas das mulleres e unha 'pruderie' extremada nestas mantiña viva esa obsesión".

O que Bouza Brei denominaba "deambular pouco desenvolto" das canónigas era, na fin de contas, a falta de hábitos hixiénicos, de habilidades sociais refinadas e de coñecementos comportamentais ("las buenas maneras", chamábanlle na época) dunhas mulleres case analfabetas e pobres que camiñaban abraíándose a cada paso das realidades desconocidas propias da vida urbana (os escaparates, os tranvías, as estatuas, os faroios, os automóbiles...) coas que se topaban.

É frecuente nas referencias ás poubanas a alusión á súa falta de hixiene, que se traduce na presenza de abundantes parásitos. Noriega Varela escribe ao respecto, por exemplo, no poema antes citado:

[...] Quedan, tamén, para inzar
pulgas ¡a vao! nas lareiras,
e fungando as manxupeiras
onde adoitades parar;
deixádesllas que rascar
así como lles fai falla,
e porque o mar xa vos ralla,
fartas de larpar sardiña,
ides prá vos a casinha
ver os medeiros da palla.

Compendio de todos estes preconceptos e desprezos de que eran víctimas as poubanas, pola razóns que foron sinteticamente expostas, resulta o seguinte texto, debido á pluma de 'Pifartos', redactor do xornal rexionalista católico coruñés *El Ideal Gallego* e publicado na sección "Rimas prosaicas" co título de "Lamentaciones" a finais de setembro de 1917:

*"Ya se marchan las
‘poubanas’,
las ‘poubanas’ ya se van,
por la calle del Socorro,
por la calle del Orzán.*

*Son aquellas que en el muelle,
con un sol canicular,
en compactos pelotones
se extasiaban junto al mar,
o en el parque del Relleno
contemplaban con afán,
la levita de Carballo
sobre el alto pedestal,
o el traje vaporoso,
y el asiento señorial,
de la ilustre Doña Emilia,
que acabamos de estatuar.*

*¡Ay! ¡qué tristes y llorosos,
estos días, quedarán
los cangrejos del Parrote,
los percebes del Orzán!
¡Ay...! ¡Ay...! ¡Ay...!*

*Ya se marchan las ‘poubanas’,
las ‘poubanas’ ya se van.
Son aquellas que en las calles
no dejaban transitar
que en compactos pelotones
e infantil curiosidad
el reloj del Obelisco
no se hartaban de mirar,
o pasmadas se quedaban,*

*preguntando con afán,
como andaban los tranvías,
cuando menos sin llevar,
un caballo, por delante,
o una burra, por detrás.*

*¡Ay, qué tristes y llorosos
estos días quedarán,
los cangrejos del Parrote,
los percebes del Orzán.
¡Ay...! ¡Ay...! ¡Ay...!*

*Ya se marchan las ‘poubanas’,
las ‘poubanas’ ya se van.
Son aquellas que iban siempre,
por la calle al caminar,
agarradas de las manos,
lentamente y a compás.*

*Son aquellas que al rascarse
la epidermis, con afán,
se dejaban en los bancos
donde se iban a sentar
unas pulgas como castañas
de tamaño natural,
dicho sea sin deseo
de mentir ni exagerar.*

*Ya se marchan, ya se alejan,
por camino de Garás.
¡Ay! qué tristes y llorosos
estos días, quedarán
los cangrejos del Parrote,
los percebes del Orzán”.*

“As pobres ‘poubanas’ non teñen a obriga de sere cultas, xa que están orfas de todo insíño; de todo apoio, de toda axuda. As pobres ‘poubanas’ por mor do siñoritazgo das vilas, carne d’escravitude caciquil, viven lonxe da ciudadanía, acochadas nas brétemas da iñorancia, vítimas de todolos deberes e alleas a todolos direitos. Elas son ‘pintorescas’ nos lenzos dos pintores - José Sotomayor - pro despreciadas na vida. Pesi-a que c’o seu traballo sosteñen os vilegos de credencial, librando da morte a persoalidade de Galicia da que arrenegan os siñoritos imbéciles, axionllados ós pes dos caciques, a cotío.

As pobres ‘poubanas’ - que viven do suor de seu, sin podere abranguer unha eisistencia doadá por falla de camiños veciñas, estradas, granxas agrícolas, escolas, stabrecimentos de creto, etc. - son as que deixan más cartos na Cruña durante o verán. Son escravas do centralismo, que teñen por carcereiros ós siñoritos andróxinos das vilas que zugan do favor canlizado, por

‘Pifartos’ esquécese de que as formosas cántigas que agora veñen recollendo os coros enxebres que engayolan os nosos oubidos e o noso espírito fono feitas, fixadas, e conservadas, com’un tesouro da raza, por isas pobres ‘poubanas’, dinas de fondo agarimo [...] As ‘poubanas’ son mulleres galegas, mulleres merecentes de defensa, coma poucas. ¿Ou soio a cabaleirosidade hásé de poñer ós pes das siñoritas vilegas? As ‘poubanas’ viudas de vivos, orfas da ciudadanía, orfas de todo apoio político, son merecentes de que os nosos Quixotes esnaquicen lanzas, volvendo por elas”.



Mais as poubanas acharon quen as defendese nesa ocasión. O texto de 'Pifartos' sería duramente criticado polo boletín da Irmandade da Fala coruñesa, *A Nosa Terra* (nº 32, 30.9.1917), que acusou ao autor de escribir "versos ripiosos coa mesma inconscencia con que rabuña o gato" e de aldraxar "as modestas e coitadiñas bañistas aldeás que n'o uso d'un perfeuto direito veñen a pasal-o verán á Cruña e a deixar eiquí seus cartos", para concluir finalmente cos seguintes razoamentos:

Emilio Xosé Insúa

Profesor de Lingua e Literatura no IES A Basella de Vilanova de Arousa.

A ÍNSUA DA ÍNSUA

ALBA DE GRORIA



O 25 de Xullo de 1948, "Día de Galicia", Castelao pronunciou en Buenos Aires o que sería o seu derradeiro discurso público, unha intervención multitudinaria na que recopilaba unha 'santa compañía' de persoeiros senlleiros da historia galega e lanzaba unha mensaxe de "esperanza e de futuro". A gran fortaleza do discurso é esa, a mensaxe de futuro"

Esto é así, porque cando Castelao pronuncia este discurso, sabe que probablemente non volverá a Galicia, sendo consciente do débil da súa saude, a pesar delo traslada os oíntes unha mensaxe "de futuro" que emocionou o seu auditorio. Hoxe cumprenense 75º anos daquel discurso, que sin deixarse vencer pola desesperanza, consciente do valor do seu exemplo para os seus compatriotas, constrúe unha peza oratoria extraordinaria, unha especie de cápsula do tempo que sirve para que as xeracions futuras coñezan seu afastado país, unha botella con mensaxe que, dende aquel lonxano instre do seu lanzamento os mares da historia, non deixou de navegar e espallar por tódolos confins o inmenso amor que

sentía pola súa terra. "Alba de Groria" é unha fermosísima arenga capaz de transportar a quen a escucha aos seus lugares máis amados e infundirlle unha inquebrantable fe no futuro, baseada no corazón antigo e panteísta dun pobo humilde e perseverante. A súa lectura no Día de Galicia constitúe unha emocionante viaxe interior, unha mostra de respecto á nosa historia e a quienes a forxaron. Alba de groria foi a derradeira peza oratoria que Castelao enunciou e dá a medida da inmensa capacidade política e oratoria do seu autor.

Os dous primeiros parágrafos deste discurso xa foran escritos un ano antes e forman parte do capítulo I do libro IV de Sempre en Galiza. No ano 1951, o Centro Galego de Buenos Aires quixo homenaxear ao xa finado Castelao publicando a versión orixinal de Alba de Groria e mais unha tradución ao castelán de Eduardo Blanco Amor.

Miñas donas e meus señores:

SI NO ABRANTE d'este día poidéramos voar sobor da nosa terra e percorrela en todas direicións, asistiríamos á maravilla d'unha mañán única. Dende as planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías de Pontevedra, oureladas de piñeraes; dende as serras nutricias do Miño o a gorxa montañosa do Sil, até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas d-entrambos ríos; ou dende os cabos da costa brava da Cruña, onde o mar tece encaixes de Camariñas, até o curuto do monte de Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de groria. O día de festa comenza en Santiago....."



A PRESENTE EDICIÓN DE ALBA DE GRORIA DE ALFONSO R. CASTELAO, ADICADA POLO CENTRO GALLEGO AO PRIMEIRO CABO DE ANO DO FALESCIMENTO DO SEU ESCRIVIO AUTOR, FICA COMPOSTA DE 2.000 EXEMPLARES NUMERADOS E IMPRENTADA TODA ELA, EN PAPEL EXTRA STRONG. REMATOUSE DE IMPRENTAR NA IMPRENTA LÓPEZ, PERÚ 666, BUENOS AIRES, O DÍA 2 DE XANEIRO DE 1951.

"ningún idioma alleo, por ilustre que sexa, poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimientos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego; se áinda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e gracia do idioma"



Castelao
1888 - 1950





"COUTO MIXTO" UNHA REPUBLICA ESQUECIDA

Couto Mixto, 700 anos dun Estado independente en Galicia

O sur da provincia de Ourense sobreviveu durante sete séculos un estado democrático que España e Portugal remataron repartindose. Unha pequena república democrática independiente das Coroas Espanola e Portuguesa, coa súa propia organización política e privilexios especiais: non aportaba soldados, estaba exenta de impostos, tiñan libertade de mercadoría e de semilleiros... Ademais, seus moradores podían elexir a nacionalidade que mais lles convise, española, portuguesa ou do Couto.

Naquel territorio de 26,7 kilómetros cuadrados, recoñecido por España e Portugal, no gobernaban reisess nin señores feudais, senón que era rexido pola veciñanza. Deica que, en 1864, o Tratado de Lindes de Lisboa dou rematado este microestado así coma doss dereitos que mantiñan seus habitantes, pasando a formar parte de España. Esta é a historia do Couto Mixto, posiblemente un dos primeiros estados democráticos da historia de Europa.

Orixen do Couto Mixto non está do todo claro, inda que todo apunta a proveer, oficialmente, do Tratado de Zamora, no 1143, cando Alfonso I de Portugal e Alfonso VII de León chegaron o acordo acuerdo que orixinou a creacion do Reino de Portugal. Con ese asinamento, un pequeno territorio fora da ley, demasiado pequeno como para preocuparse por él, mais o suficientemente grande como para que poidese organizarse como estado independiente: O Couto Mixto.

A súa forma de governo basabase na República Federal e estaba composta por tres poboacions: Santiago de Rubiás, capital e centro da administración política, Rubiás dos Mixtos e Meaus. Cada pobo estaba representado por unha persoa, chamado "home de acordo", que era escollido entre todos os veciños. Estos tres "homes de acordo", a sua vez, elexían cada tres anos o "Xuíz", representante executivo e xudicial do estado O Couto, pouco a pouco fui adquirindo eus sorprendentes privilexios: os veciños

non tiñan á o briga algúnhia de adquirir a nacionalidade portuguesa ou española, podendodo ser, sinxelamente, cidadans do Couto. No pagaban impostos, no podían ser presos nin dentro do Couto nin nunha legua a redonda, non tiñan obriga de aportar soldados a España ou Portugal e gozaban dun autogoberno total.

Ademais, existía unha ruta entre o Couto Mixto e a localidade portuguesa de Tourem, que era coñecida como "Camiño Privilexiado". Esta vía, duns 6 kilómetros, estaba exenta de



control policial, militar ou fiscal por parte de España e Portugal. Non se podía apresar a ningun que usara esta vía (siempre que non fose por delito de homicidio) convirtendo esta senda nun refuxio e asilo cotian para o contrabando e os perseguidos pola xusticia. A historia e a documentación da concesión de todos estos privilexios encontrabanse depositados na "Arca das Tres Chaves", que soio podían abrir os "homes de acordo".

Este arca era de vital importancia, póns nela xuntbase toda a documentación histórica do Couto mais, en 1809, as tropas napoleónicas na súa fuxida dos ingleses queimaron a Arca e todo o que contiña. A pesar de que este curioso territorio desapareceu ai mais de 150 anos, os habitantes de Rubiás, Meaus e Santiago seguen a sentir mixtos de corazón. Na actualidade, cada mes de Xullo, a veciñanza de Santiago, Rubiás y Meaus reunense na antiga capital do Couto Mixto para rendir homenaxe o derradeiro "Xuíz" da súa historia, Delfín Modesto Brandán, e nomean a tres "homes de acordo" para que garden os documentos da celebración dentro da Arca. No ano 2007 o Parlamento Español reconoció a singularidade do Couto Mixto como enclave cultural e histórico, no 2018 o Senado pideu impulsar o Couto Mixto como patrimonio inmaterial da Unesco. Así foi como durante mais de 700 anos un pequeno reducto galego a o sur de Ourense foi un dos primeiros estados democráticos da historia de Europa, inda que nunca fose reconecido como tal.





Manuel Murguía



PAI DO REXURDIMENTO DE GALICIA

Murguía é, con toda probabilidade, a personalidade máis decisiva do XIX galego. Unha afirmación arriscada ao reparar en coetáneos, pero nós coidamos que el foi quen mellor identificou, analizou, definiu e asentou o imaxinario nacional colectivo. Manuel Martínez Murguía, veu á luz o 17 de maio de 1833 en Froxel (Arteixo), fillo do boticario Juan Martínez e de Concepción Murguía. Cando era aíun un cativo, presenciou o falecemento dun soldado do Exército Libertador de Galicia que fora ferido de morte e levado al interior de la farmacia que rexentaba o su paí. A vivencia deste acontecemento supuxo a inmediata adscrición de Murguía á causa nacionalista, una tarefa á que “entregou a súa vida”.

En 1851 se trasladouse a Madrid a estudar Farmacia e, malia non rematar nunca os estudos, lonxe da casa, optou pola bohemia entre cafés e imprentas a carón de amigos coma Serafín Avendaño, Juan Compañel e Alejandro Chao. Nunca remataría os estudos pero si atoparía a súa vocación vital: a escritura.

Iniciou a súa andaina xornalística en cabeceiras de renome, como *La Iberia*, *Semanario Pintoresco Español*, *Las Novedades* o *El Museo Universal*, comenzou a publicar por entregas as súas primeiras novelas, *Mi madre Antonia* o *El ángel de la muerte*. Posteriormente, entró a formar parte como director cultural del xornal *La Oliva*, fundado en 1855 y dirigido por Juan Compañel. Ambos dotaron a cabeceira de una clara línea provincialista e, tras cesar a su actividade por orden del Goberno, puxeron en marcha *El Miño*. Todo por Galicia - Todo para Galicia . Nel publicou Murguía “uns breves tratados coas ideas base que se converterán nas súas primeiras grandes obras: *Diccionario de escritores gallegos* (1862) e *Historia de Galicia* (1865)”, atravémonos a definilo como o cerebro do Rexurdimento. El detecta as necesidades da cultura galega, en particular da memoria histórica e da lingua, para animar esas publicacións. A carón disto, Murguía recolle recoñecementos públicos que acreditan o valor da súa obra e a capacidade da súa intelixencia. En 1866 é nomeado académico correspondente da Real Academia da Historia, e en 1872 integrar a comisión para a Exposición Universal de Viena. Dende Cuba promóvese a Academia Galega (1906). Murguía será electo presidente. Este posto consolidaría como o referente da intelectualidade do país e, dalgún xeito, gañáballe a partida a Pardo Bazán nesa pugna pola dirección do Rexurdimento.

Cando Murguía exercía como Cronista Xeral de Galicia viviu o falecemento da súa compañeira Rosalia de Castro. O 1 de febreiro de 1923 chegou a morte á rúa de Santo Agostiño da Coruña. Os ollos de Murguía pechábanse para sempre. A multitude saíu ás rúas da Coruña na última despedida. Hoxe repousa nunha humildísima tumba, canda os fillos, en San Amaro á espera de que algún día se dignifique este espazo para quen foi o cerebro do Rexurdimento e o fundador da nación galega.



Álbum de Galicia
Consello da Cultura Galega

CADERNO DE MULLERES

Francisca Herrera Garrido

(A Coruña 1869 - 1950)

1ª MULLER DA RAG



Nace na rúa do Príncipe no seo dunha familia da alta burguesía, educada nos principios tradicionais e nunha viva fe relixiosa. Recibiu unha esmerada educación, acorde coa súa clase. A mediados da segunda década do XX, estableceuse cunha irmá en Madrid, mantendo sempre un vinculo co país onde pasaba os veráns. Co estourido da Guerra Civil, pasou a vivir aquí, entre a Coruña e Oleiros, sufrindo penurias económicas e refuxiándose na literatura. Escritora autodidacta, entrou no mundo das letras a través da poesía, desde os 12 anos le e admira a Rosalía. Escribe poesía, novelas, ensayo e colabora en diferentes publicacións periódicas. Dá ao prelo 3 libros de poesías que seguen unha liña romántico-idealista, 3 novelas en galego, de temática rural e de corte sentimental e 3 novelas en castelán, mais de asunto galego. Pasou á posteridade como autora de Néveda (1920), a primeira novela escrita por unha muller en galego. Pasa dos 40 anos cando publica o seu primeiro libro: Sorrisas e bágoas, 1913. Mantivo sempre unha estreita relación co matrimonio Castro-Murguía, dos que foi amiga, veciña e discípula, aos que, no seu discurso de entrada na RAG nomeará como: Historia, Verso y Alma... afirmando que ela sen Rosalía non sería nada. Murguía prologará o seu segundo poemario: ¡Volallas n'a luz! E ella asinará un limiar para unha edición de Cantares Gallegos. Polemizou coas feministas da súa época. É nomeada membro numerario da Real Academia Galega en 1945, sendo así a primeira muller que ocupase asento na devandita institución. Conta con 76 anos, elabora o discurso sobre Rosalía de Castro, nun mes e o presidente, Manuel Casás, demora 2 anos en enviarlo a Couceiro Freijomil para que elabore a resposta, este demora outro tanto, finando a nosa autora antes de rematar o proceso. Morre na Coruña en 1950, e esta enterrada no cemiterio de Santo Amaro.

Marina de la Peña Novas

Pontevedra 1935 - A Coruña 2017

A Voz da Radio

Marina de la Peña Novas nace en Pontevedra en 1935 e dous anos despois a familia trasládase á Coruña. Estuda Peritaxe Mercantil e un ano de profesorado na Escola de Comercio Intégrase na Agrupación Artística "La Farándula", onde se baixo a dirección de Luis Iglesias de Souza. Aí comeza a facer pequenos papeis cómicos até converterse en primeira actriz dramática, chegando a obter un primeiro premio de interpretación en 1957 no primeiro Certame de Teatro Galego, coa obra La herida en la mano de F. J. Alcántara. Marina de la Peña Novas afección pola dramaturxia foi unha constante na súa vida, chegando mesmo a declarar que, de ser alcadesa, "organizaría festivais de teatro a todas horas e en todas as partes". En 1955 incorpórase ao cadro artístico do programa radiofónico Claro-Oscuro de Iglesias de Souza no que se escenificaba o texto das zarzuelas e, pouco despois, pasa a desempeñar o posto de locutora en Radio Nacional. En 1956, aparece xa presentando Desfile de estrellas, un concurso moi popular na época, que abarrotaba o Teatro Rosalía nas finais e semifinais, e do que sairon voces como a de Puchito Boedo. No ano 1959 recibe o premio á locutora máis popular, posto que pode seguir desempeñando grazas ao cambio lexislativo de 1961, que permite as mulleres casadas seguiren traballando. E converteuse na musa das ondas, na voz. Participou en todo tipo de programas, realizou entrevistas, informativos, transmisións, Nas entrevistas sempre intentou afondar na dimensión humana das personaxes e lembra algunas que deixaron fonda pegada nela como a de Domingo García Sabell que lle desvelou a obra de Rosalía de Castro; e recorda tamén con emoción as conversas con Rafael Alberti, Chabuca Granda, Nuria Espert, Torrente Ballester, Albert Vinicio Báez, Mimi de Madariaga; ou a derradeira entrevista a Emilio González López. Foi a primeira muller que interveu nunha emisión deportiva con motivo do Teresa Herrera. En 1984 foi homenaxeada por todos os profesionais da radio da cidade e en 1990 foille entregada na Casa da Radio de Madrid, a medalla polo traballo realizado o ano anterior. Xubilouse en xuño de 1994, tras corenta intensos anos de traballo en Radio Nacional de España. Morre no ano 2017.



A Coruña das mulleres



BENJAMIN DE ARRIBA Y CASTRO

1886 - 1973

O CARDENAL DOS ANCARES

D. Benjamín naceu en Santa María de San Lourenzo de Penamaior, lugar de A Ferrería no concello de Becerrea, aldea dos Ancares, hoxe case despoblada, o 8 de abril de 1886. Cuarto fillo dos sete que tivo o matrimonio de D. Antonio de Arriba Ares e Dª. Pilar Castro Bolaño.

En 1895 a familia trasladouse a vivir a Madrid, na rúa Lagasca nº 20, onde D. Benjamín estudou no P.P. Escolapios de San Antonio Abad con excelentes notas. Despois do primeiro curso de bacharelato seguío os estudos eclesiásticos no Seminario Conciliar de Madrid onde estudou catro anos de Latín, tres anos de Filosofía e un de Teoloxía con notas de “meritíssimus”. Foi enviado como bolseiro do arcebispado de Madrid, a



proposta de arcebispo Exmo. José María Salvador y Barrera, ao Pontificio Colegio Español de San José de Roma no que ingresou o día 27 de outubro de 1908 para estudar Teoloxía.

No curso 1908-1909 matriculouse en primeiro de Teoloxía, examinándose de bacharel con “Superavit cum Laude” e de primeiro de Moral con “Superavit bene”, sendo a súa conducta moral, relixiosa e disciplinar como de “A”.

No curso 1909-1910 matriculouse en segundo de Teoloxía, examinándose de Teoloxía Dogmática con “Superavit bene”; de bacharel en Cánones con “Superavit cum laude” e de segundo de Moral con “Satisfecit”. A súa conducta moral, relixiosa e disciplinar é valorada como de “A”. Nas notas dese hai como observación que predicou o panexírico de S. Estanislao. No curso 1910-1911 matriculouse de terceiro de Teoloxía, licenciándose con “Superavit bene” e defendeu unha trimestral de Teoloxía, seguindo coa súa conducta moral, relixiosa e disciplinar como de “A”. Nese ano doutorouse na Academia de Santo Tomás con “Superavit cum laude” e nas observacións das súas notas aparece o seguinte dato “Predicou moi ben unha Homilia de Coresma no Refectorio”.

O día 17 de decembro de 1910 recibiu a Tonsura. O día 15 de xaneiro de 1911, ás primeiras Menores. O día 11 de marzo de 1911, ás últimas menores. O día 19 de xullo de 1911 veu a España de vacacións e o 22 de outubro regresou.

No curso 1911-1912 matriculouse de cuarto de Teoloxía, doutorándose cun “Superavit cum laude” sendo a súa conducta moral, relixiosa e disciplinar como de “A”. Nas observacións dese ano aparece o seguinte: “Predicou moi ben o sermón da Circuncisión”.

O día 1 de novembro de 1911 recibiu o subdiaconado. O 23 de decembro, o diaconado. O 14 de xullo de 1912 recibiu o presbiterado de mans do cardeal Merry del Val, Secretario de Estado e colaborador de Pío X. O 24 de xullo veu de vacacións a España regresando o 30 de novembro.

No curso 1912-1913 matriculouse en primeiro de Instituto Bíblico obtendo unha nota de “Superavit bene” con conducta moral, relixiosa e disciplinar como de “A”. Nese ano nas observacións das súas notas aparece o seguinte dato:

“O día 4 de xaneiro de 1913 predicou o sermón do terceiro día do Entroido. O 6 de agosto de 1913 regresou a España enfermo”.

Posteriormente licenciouuse en Dereito Canónico pola Universidade Pontificia de Toledo.

De 1913 a 1931 foi profesor nas Cátedras de Metodoloxía e Crítica Histórica, Grego Clásico, Hebreo e Teoloxía Fundamental no Seminario de Madrid.

En 1920 gañou unha oposición a coengo da catedral de Madrid e, respecto ao arcebispado de Madrid, dende 1922 ocupou nove anos o cargo de Secretario de Câmara e Goberno e, a partir de 1931, Provisor e Tenente – Vicario Xeral de dita arquidiócese.

O día 1 de maio de 1935, ás 10 da mañá, celebrouse na Catedral de Madrid a ceremonia de consagración de bispo electo de Mondoñedo. O designado por Roma para consagrar a D. Benjamín foi o Nuncio, monseñor Tedeschini, pero por enfermidade non poido asistir substituíndo o arcebispo de Madrid- Alcalá, Monseñor Leopoldo Eijo y Garay, asistido polo arcebispo de Valencia, Monseñor Prudencio Melo, e polo bispo de Málaga, agora santo, San Manuel González.

Ao acto acudiron os padriños de D. Benjamín, D. Gaspar Díaz Valdés e Dª. Vicenta Jave e o bispo de Travenna (Brasil) Inocencio López Santa María, así como representantes dos concellos de Mondoñedo e Madrid e a nai de D. Benjamín. As crónicas da época cifran en máis de 3000 persoas as asistentes á consagración. O 20 de xuño de 1935 o Boletín Eclesiástico

do bispado de Mondoñedo publica o seguinte:

“O día 19 tomou posesión da Diocese de Mondoñedo, facendo a súa entrada o 23, rexendo a diocese mindoniense durante nove anos, para ser despois trasladado á sede de Oviedo.

Nos nove anos que foi bispo de Mondoñedo publicou importantes pastorais, entre elas: *Juventud y aspirantazgos de Acción Católica*, *La religión y los problemas actuales*, *La Santa Cuaresma y la Semana Mayor*, *Los deberes del ministerio eclesiástico*, *El misterio de la Redención*, *Las nuevas bases de Acción Católica*.

Celebrou o “Día do Papa” e desde 1936, realizou as peregrinacións magnas a Compostela en 1937 e 1943, e celebrou o Congreso Eucarístico Diocesano de Ferrol. En xullo de 1935, presidiu a Asamblea Regional de Juventudes Católicas Masculinas, en Pontevedra. Del partiu a idea de fundar un museo diocesano, artístico e histórico, que pudo levar a cabo instalándoo provisionalmente na sala de profesores da reitoral do seminario, xestionando persoalmente a instalación e exposición das primeiras vinte e cinco obras de arte.

Creou no ex-mosteiro de Lourenzá o Seminario Menor, onde se formaban os seminaristas de primeiro ano de latín, comezando o primeiro curso en 1943. Figurando á fronte do devandito seminario en calidade de vicerector o Rdo. D. Germán Rodríguez Martínez, cura económico da freguesía de santa María de Valdeflores. Ao devandito prelado debeuse a axuda ás vitimas da guerra, denominada “Esmola do Papa”, que en 1944 alcanzaba a suma de 268.435`25 ptas. O 8 de agosto de 1944 foi nomeado bispo de Oviedo, efectuando a súa entrada na cidade asturiana o 18 de novembro.

citarse, entre outros: “Juventudes y Arciprestazgos”; “Los deberes del ministerio eclesiástico”, “El Misterio de la Santísima Eucaristía”; “El mes del Rosario”; “El Seminario”; “Adveniat Regnum tuum”, entre outros.

Preconizado arcebispo de Tarragona, o 22 de xaneiro de 1949 tomou posesión da Sede de San Fructuoso o día 1 de xullo

facendo a súa entrada na imperial cidade o día tres do mesmo mes e ano. Nela

publicou a pastoral: “O deber dos católicos na hora presente” na que analizaba os seguintes puntos: a crise relixiosa mundial; a teoloxía da historia; a cuestión social; o comunismo; o comunismo e a xustiza social; a doutrina social da Igrexa; a caridade social; o cristianismo “vivido”, única solución; a santidade sacerdotal; o apostolado seglar; a Acción Católica; a Acción Católica Obreira; o apostolado patronal; algúns proxectos e conclusión”.

Entre as moitísimas actividades levadas a cabo como arcebispo de Tarragona están: a creación da “Hoja Parroquial” do Arcebispado, o 19 de marzo de 1950, que desenvolveu un importante labor pastoral; e a Peregrinación Misional de la Virgen de Fátima, que comezou o 21 de setembro de 1951, percorrendo a imaxe da Virxe durante varios meses os poboamentos da Arquidiócese. En maio de 1952, corou todas esas xornadas marianas coa consagración da Cidade ao Inmaculado Corazón de María.

Por decreto do 15 de outubro de 1951 organizou a Escola Social Sacerdotal.

Creou a Academia Colexio de San Pablo, institución social, que iniciou as súas actividades o 15 de outubro de 1951 cunha escola nocturna para nenos e mozos das clases más humildes da parte alta e periferia de Tarragona. A obra predilecta do Prelado tarraconense creceu rapidamente, e aos tres anos, o 8 de abril de 1954, o seu fundador e mentor inaugurou e bendixo a ampliación de novos locais. Contaba xa entón con gardería infantil, escolas maternais, párvulos, primeiro ensino, iniciación profesional, analfabetos adultos, comercio, escola de obreiras, etc.

O 12 de xaneiro de 1953 Pío XII nomeouno cardeal e foille imposto o solideo o 15 de xaneiro de 1953 na catedral de Tarragona polo legado Pontifício, Membro da Garda Nobre,



1935 Mondoñedo



Tarragona 1949



1958 Cuartel Los Castillejos cos Padres Castrenses

Dedicou preferente atención ao Seminario Diocesano.

En Oviedo publicou numerosos escritos pastorais. Poden

Marqués Silvio Ghini. O xefe do estado español xeneral Francisco Franco Baamonde, impúxolle a birreta cardinalicia na capela do Palacio de Oriente de Madrid, o 19 de xaneiro, xunto cos novos purpurados Cicognani e o tamen galego (Maceda-Ourense) Quiroga Palacios.

O 25 do mesmo mes, festa da Conversión de San Pablo, entraba solemnemente en Tarragona. Ao longo da Avda. del Generalísimo e na praza de José Antonio recibiu a homenaxe popular. No Palacio Municipal, o Cardeal estampou unha expresiva dedicatoria no libro de ouro da cidade.

O capelo cardinalicio foille imposto por S. S. Pío XII no palacio de Castelgandolfo o 29 de outubro e conferiulle o título da igrexa romana de san Vital, unha das más antigas de Roma, da que tomou posesión o día 4 de novembro.



Aos poucos días da súa entrada na Arquidiócese, o doutor de Arriba y Castro iniciou as súas incontables actividades pastorais, que durarian sen descanso e interrupción máis de vinte e un anos, concretamente desde o 1 de xullo de 1949 ao 23 de novembro de 1970.

Publica a primeira carta pastoral xa mencionada con motivo do ano santo de 1950;

organizou e dirixiu o Congreso Catequístico Diocesano, o Congreso Mariano da Arquidiócese, celebrado do 3 ao 7 de novembro de 1954; o XVII Centenario do Martirio de San Fructuoso e dos seus Diáconos Auguri e Eulogio; a celebración do ano xubilar desde o 21 de xaneiro de 1959 ao 21 de xaneiro de 1960. Durante este ano xubilar foron clausurados os procesos de Beatificación, ou declaración de martirio, do Servo de Deus, doutor Manuel Barrás e Ferré, Bispo Auxiliar, e dos 146 relixiosos e sacerdotes mártires da Arquidiócese, cuxo expediente foi vicepostulador o Irmán Joaquín Donato, e incoado por expreso desexo do Dr. Arriba y Castro e o XIX Centenario de San Pablo. O Ano Xubilar Paulino, deu comezo en Tarragona o 215 de xaneiro de 1963 e durou ata a mesma data de 1964. O propio Cardeal publicou un traballo, titulado "San Pablo en España", que xuntamente co do doutor Serra Vilaró "San Pablo en España" tivo gran difusión.

Trasladou os restos mortais dos Reis da Coroa de Aragón, desde a Catedral tarragonense ao Real Mosteiro de Poblet (3 e 4 de xuño de 1952). Monseñor de Arriba y Castro pronuncia a oración fúnebre e preside o acto, o Xefe do Estado Francisco Franco Baamonde.

O 16 de xuño de 1960 cumpre o XXV aniversario da súa consagración episcopal. S.S. Xoán XXIII envíalle unha carta de felicitación.

O 14 de xullo de 1962 celebra as Vodas de Ouro co sacerdocio.

O Santo Padre felicitao por medio dunha carta autógrafa. A Deputación Provincial impón ao doutor de Arriba y Castro a Medalla de Ouro da Provincia e fáiselle entrega, asímesmo, do título de Fillo Adoptivo de Tarragona.

Asiste aos Conclaves para elección de novo Papa: Xoán XXIII (1958) e Pablo VI (1963).

Tampouco se esqueceu o Dr. Benjamin de Arriba y Castro da súa terra natal, acudindo á súa casa sempre que tiña oportunidade, a charlar dunha forma sinxela e amena cos veciños da Ferrería, ou coas xentes que acudían a visitalo á casa onde nacera; precisamente en Becerreá colaborou e foi un dos principais impulsores da construcción dunha casa de exercicios espirituais. Tampouco faltan importantes colaboracións nalgunhas publicacións da época, como un amplo e ben documentado artigo publicado na revista Lvcvs, nº 9 correspondente ao mes de abril de 1961, en cuxo numero se dedicou un apartado ao municipio de Becerreá. No mesmo, o Dr. de Arriba y Castro facía un percorrido pola historia da freguesía de Penamaior, facendo mención á románica igrexa monasterial, á importante reliquia de Lignum Crucis, e a non menos importante imaxe da Virxe no retablo maior do templo parroquial.

Estas e moitas outras actividades realizounas á fronte da arquidiócese de Tarragona durante 21 anos, ata que o 19 de novembro de 1970, a súa Santidade Pablo VI aceptou a súa renuncia, pasando entón a residir en Cardedeu, provincia de Barcelona, onde o acompañou o seu secretario particular, Rdo.




con Juan XXIII en 1959. Foto: Vallvé /
Archivo Histórico Archidiocesano de Tarragona





O 10 de febreiro de 1973, o doutor de Arriba y Castro foi internado na clínica Quirón de Barcelona por mor dunha afección de tipo gripal-respiratorio, que foi agravándose por un proceso tumoral que xa padecía; Monseñor Pont e Gol (novo Arcebispo de Tarragona) comunicaba oficialmente, o día 13 do mesmo mes, que o doutor de Arriba y Castro estaba gravemente enfermo. Faleceu ás catro menos cuarto da tarde do día 8 de marzo.

Unha vez producido o óbito foi amortallado co hábito e os atributos correspondentes á súa alta dignidade de príncipe da igrexa, e depositado na capela ardente instalada na igrexa do convento, sito na rúa de Mallorca, 232. O día nove pola tarde o



seu cadáver foi trasladado desde Barcelona a Tarragona en cuxo palacio arzobispal permaneceu dous días.

O cadáver do Cardeal de Arriba y Castro foi inhumado na igrexa parroquial de San Pablo de Tarragona, bendicida e inaugurada polo mesmo Prelado. No chan do presbiterio desta igrexa parroquial, sen adornos de ningunha clase e sinxelamente como vivira, os refugallos mortais do noso Purpurado, descasan en paz.



U
nha humilde lápida de mármore di así: "Paulus vel solus sufficeins mihi fuisset/ Christi argumentum/ haec verba sculpi voluit/ emmus. ac. revdmus. Beniaminus/ Cardinalis de Arriba e Castro/ Olim Archipiscopus Tarraconenensis/ Obis VIII idus Martias A. D. MCMLXXIII/ orate pro eo".



1973 Capela funebre do Cardenal Arriba

O Exmo. e Rvdmo. Dr. D. Benjamin de Arriba y Castro foi acreedor de numerosas condecoracións, entre elas:

Gran Cruz de Mérito Naval, con distintivo branco. Gran Cruz de Isabel A Católica; Gran Cruz da Orde de Alfonso X o Sabio; Gran Cruz da Orde Civil de San Raimundo de Peñafort; Gran Cruz da Real e Moi Distinguida Orde de Carlos III; Gran Cruz do Mérito Militar, con distintivo branco; Medalla de Ouro do a Mocidade; Medalla de Ouro de Tarragona; entre as condecoracións estranxeiras están: Medalla de Duarte, da República Dominicana.

Era fillo Predilecto da Provincia de Lugo e fillo adoptivo de Alforja, Montblanc, Riudoms, Ferrol e Cardedeu, localidade esta última onde paso os últimos anos da súa vida.

Manoel Carrrete Rivera
Historiador e Avogado



Van aló 60 anos dende que se institueu a data da celebración do Día das Letras Galegas, se alguén o merecia, sen dubida sería Francisco Fernández del Riego, "Don Paco", ademais de un loitador incansable por Galicia, impulsor e creador desta celebración. Don Paco loitou por e para a Terra, durante a longa noite de pedra, e foi quen de ser capaz de manter encenso o lume da Galeguidade, perteceu o grupo de intelectuais surxidos o redor do grupo Nós. Durante a República foi membro do Seminario de Estudios Galegos e do Partido Galeguista, En 1932 foi elixido secretario xeral da agrupación Ultreya.

Cando se constituiu a Federación de Mocedades Galeguistas foi o seu primeiro secretario xeral, así coma formou parte do Consello galego de Galeuzca (1934).

Coa Guerra civil española chegou a súa inhabilitación na docencia perdendo o seu posto como profesor de Dereito na USC, recibiu unha sanción por parte do Tribunal de Orde Pública que fixo que estivera agochado un tempo e, finalmente, decidiu incorporarse ao exército cando foi chamado, para salvar a súa vida. Participou nas batallas do Ebro, Teruel e Estremadura. Ao rematar a guerra trasladouse a Vigo desde onde traballou sempre polo galeguismo e a cultura galega en múltiples iniciativas. En 1940 casou con Evelina Hervella Nieto (1908-2007), En 1947 foi detido, encarcerado e xulgado en consello de guerra, sendo finalmente exculpado. O seu traballo constante e agochado a prol da identidade galega, foi constante o longo da súa dilatada vida, mantendo contacto coa intelectualidade galega exiliada, proba delo foi o programa emitido pola BBC de Londres " Galician Programe" dende 1947 a 1956, para o cal mecanografiaba os textos que recibía e, finalmente, encargábase de asegurar a disponibilidade e o envío clandestino do material a Londres para o programa. En 1950, xunto con Ramón Piñeiro y Xaime Isla Couto, fundan a Editorial Galaxia , empresa que liderou o proceso da recuperación cultural da literatura galega na posguerra. En 1963, xurdiu desta editorial a revista Grial, que Del Riego codirixiu e para a que escribiu de forma asidua recepcións literarias e artigos. En 1960 ingresou na Real Academia Galega, En 1997 sucedeu a Domingo García-Sabell como presidente da RAG, sendo substituído en 2001 por Xosé Ramón Barreiro. o 20 de marzo 1963, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Counsello propuxeron a celebración do Día das Letras Galegas coincidindo co centenario da publicación de Cantares gallegos, de Rosalía de Castro. O 28 de abril do mesmo ano, en xunta ordinaria, a Academia resolveu, por unanimidade, aprobar esta proposta e declarar Día das Letras Galegas o 17 de maio de cada ano.

O longo da súa dilatada vida, colaborou en multitud de revistas, xornais, así como realizando unha extensa obra literaria. En 1995 doou á cidade de Vigo a súa colección de libros, que constitúe a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego da Casa Galega da Cultura. Foi director da Biblioteca da Fundación Penzol, no mesmo edificio D. Paco faleceu en Vigo, o 26 de novembro de 2010, foi incinerado e as súas cinzas depositadas no cementerio de San Pedro da Ramallosa, Nigrán.



Guerra Civil- Salamanca



1932









**ESPAZO LIBRE
DE
VIOLENCIAS**



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración

